

RESOLUCIÓN DE ARCHIVO EXP. RA 12/2008. TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente
D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2008.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (en diante TGDC), coa composición indicada máis arriba e sendo Relator D. José Antonio Varela González, presidente do TGDC, ditou a seguinte resolución no Expediente RA 12/2008. Transporte urbano de Santiago de Compostela (Expediente 17/2008, do Servizo Galego de Defensa da Competencia) tras examinar a proposta de non incoación do expediente, da denuncia presentada por D. M. D. C. e D. M. Á. D. C., administradores da sociedade mercantil D. C., S. L., contra a Dirección Xeral de Transportes, da Xunta de Galicia, por presuntas prácticas contrarias á competencia.

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Con data 19 de setembro de 2008, tivo entrada no Servizo Galego de Defensa da Competencia (en diante SGDC), procedente do Rexistro Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, da Xunta de Galicia, a denuncia presentada por D. M. D. C. e D. M. Á. D. C., administradores da sociedade mercantil D. C., S. L., contra a Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, por presuntas prácticas contrarias á competencia.

2.- Donado Campos, S. L. é unha empresa concesionaria de transporte terrestre de viaxeiros. Dispón de diversas concesións, unha das cales é a denominada V-3216, XG-360, que fai o percorrido “A Estrada – Santiago de Compostela”, con paradas en Os Tilos e Lamas de Abade.

2.- Na súa denuncia, Donado Campos, S. L. imputa á Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia unha presunta omisión de funcións respecto da actuación da empresa Transmonbús, respecto da modificación da liña 12 do transporte urbano en Santiago de Compostela.

3.- Segundo os administradores de Donado Campos, S. L., esta empresa ven soportando actuacións, dende os últimos meses, que cualifican de “parciais”, a

favor de Transmonbús e da concesionaria do transporte urbano de Santiago de Compostela, na que participa dito grupo. Ao seu xuízo, a frecuencia e gravidade das mesmas fan que non lle sexa posible esperar a que a Dirección Xeral de Transporte se decida a asumir as súas responsabilidades. Por este motivo Donado Campos, S. L. eleva a súa denuncia a outras instancias do Goberno da Xunta de Galicia, que considera máis dispostas a garantir a igualdade dos cidadáns ante a Lei.

En concreto, na denuncia expóñense os seguintes feitos:

- A empresa TUSSA (concesionaria do transporte urbano en Santiago de Compostela) incorporou a palabra “Lamas de Abade” na liña “Os Tilos - Santiago de Compostela”, cuxa explotación corresponde á empresa TRALUSA, tal e como aparece na súa páxina web oficial de horarios de inverno do presente ano. Este feito é imputado polos denunciante á actividade concertada da empresa Transmonbús, da administración local e da administración autonómica, que ampararían as supostas ilegalidades cometidas por esa empresa.
- As múltiples denuncias de Donado Campos S.L. ante a administración autonómica non tiveron resposta, o que ten por efecto, segundo os denunciante, “*una absoluta indefensión*” da mesma.

4.- No seu escrito, os denunciante solicitan diversas actuacións dos órganos de defensa da competencia, pero non imputan infracción específica algunha sobre a posible existencia de prácticas relativas aos artigos 1, 2 ou 3 da Lei 15/2007, de Defensa da Competencia, únicas condutas sobre as que este Tribunal ten potestade de resolución. O que sinalan os denunciante dun xeito reiterado é a presunta omisión da función de control das autoridades administrativas responsables das concesións de transporte terrestre de viaxeiros e o apoio desas autoridades á empresa Transmonbús.

5.- Á vista dos termos da denuncia, o SGDC remite ao TGDC, en aplicación do artigo 49.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia, a proposta de non incoar expediente sancionador, co correspondente arquivo de plano da denuncia, sen practicar investigación reservada algunha, ao non apreciaren indicios de infracción da citada lei.

6.- Este Tribunal deliberou e pronunciouse sobre este asunto na súa reunión do 4 de novembro de 2008.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A Lei 15/2007, de Defensa da Competencia, establece no artigo 49.3 que o Consello da Comisión Nacional de Competencia poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 LDC, e o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción da Lei. En virtude da Disposición Adicional Oitava da mesma Lei 15/2007, esta facultade está atribuída tamén aos órganos de resolución das Comunidades Autónomas con competencia na materia, no caso de Galicia, este Tribunal.

SEGUNDO.- O SGDC propón a non incoación do expediente alegando que, nos feitos que se denuncian, “a Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia actúa como Administración Pública e non pode predicarse dela que estea a realizar actos contrarios á competencia, xa que non actúa como operador económico, senón que exercita as potestades administrativas que lle corresponden”.

TERCEIRO.- A cuestión que, entón, debe resolver o TGDC é se acepta a proposta do SGDC de non incoar procedemento neste expediente e proceder ao arquivo das actuacións ou, pola contra, acorda a incoación dun procedemento por considerar que existen indicios de prácticas contrarias á LDC, a partir da denuncia presentada ou da información achegada polo Servizo.

CUARTO.- Na páxina 4 da denuncia presentada, os denunciantes solicitan expresamente aos organismos de competencia:

- a) que se non se autorizou a modificación da liña 12 do transporte urbano de Santiago de Compostela, se adopten as medidas axeitadas para que dita modificación quede sen efecto, e
- b) se se autorizou a citada modificación, se lle comunique de modo urgente.

E dun xeito implícito, parece que tamén solicitan que os organismos de defensa da competencia declaren responsable á Dirección Xeral de Transportes, da Xunta de Galicia, de incumprimento da súa función de control do cumprimento das condicións das concesións de transporte terrestre de viaxeiros e mesmo de axuda a Transmonbús, axuda que podería favorecer actos de competencia desleal, todo o cal prexudica os intereses da súa empresa.

QUINTO.- Respecto da solicitude explícita dos denunciantes de que as autoridades de competencia adopten medidas ou, no seu caso, lles informen sobre a situación existente na citada liña 12, este Tribunal carece de competencias, xa que a súa potestade se

vincula unicamente á resolución de infraccións da Lei 15/2007, de Defensa da Competencia. Por tanto, este TGDC ten que concluír que o solicitado polos denunciante non resulta acorde ás funcións asignadas a este Tribunal.

SEXTO.- Sobre a cuestión relativa á declaración de incumprimento das súas funcións pola Dirección Xeral de Transportes, da Xunta de Galicia, é pertinente facer referencia á Resolución do 20 de febreiro de 2008 (Expte. S-2/2007, Autobuses de Ourense) do TGDC, que no seu Fundamento Xurídico 7º sinala que -de acordo coa posición do Tribunal de Defensa da Competencia (TDC) nas resolucións que tiveron que examinar actos das Administracións Públicas e, en particular, no ámbito do transporte- cando unha autoridade, no noso caso de transporte terrestre de viaxeiros, actúa como regulador, a revisión de se a súa actuación se axusta a dereito non é potestade das autoridades de competencia, xa que entre as súas funcións non se atopa a de revisar a actividade reguladora e inspectora das Administracións Públicas. Nestas actuacións a facultade correspóndelle dun xeito exclusivo aos órganos xurisdiccionais, conforme resulta do disposto polo artigo primeiro da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

SÉTIMO.- No relativo ás condutas que especificamente infrinxen a Lei 15/2007, de Defensa da Competencia, os denunciante non aportan ningunha información que indique a existencia de indicios de colusión entre operadores económicos (artigo 1 LDC), nin de abuso de posición de dominio (artigo 2 LDC), nin de actos de competencia desleal con afectación ao interese público (artigo 3 LDC).

OITAVO.- Dado que os feitos denunciados non aportan indicios de infracción da Lei 15/2007, de Defensa da Competencia, o TGDC considera axeitada a proposta do SGDC de non incoar expediente sancionar, co correspondente arquivo de actuacións. Respecto doutras hipotéticas infraccións, a súa análise corresponde aos tribunais de Xustiza, na vía que o denunciante estime máis axeitada aos seus intereses lexítimos.

Vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

RESOLVE

ÚNICO.- Admitir a proposta do SGDC de non incoar expediente sancionador polas condutas denunciadas por D. M. D. C. e D. M. Á. D. C., administradores de D. C., S. L., contra a Dirección Xeral de Transportes, da Xunta de Galicia, por presuntas prácticas

contrarias á competencia, co correspondente arquivo de actuacións, por non se apreciaren indicios de condutas prohibidas pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia.

Comuníquese esta Resolución ao SGDC e notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra a mesma non cabe recurso algún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir da data de notificación desta Resolución.